

ALGUNHAS CONSTRUCIÓN CO VERBO *IR* EN GALEGO

XOSÉ SOTO ANDIÓN

Abstract

This study analyses the functional possibilities presented by the verb *ir* «to go» in the current synchrony of the Galician language. We offer a collection of constructions taken from the spoken language of different parts of Galicia, where the verb *ir* «to go» reflects a series of different linguistic contents and various semantic and syntactic structures. In the selected structures, we demonstrate the behaviour of the subject and complement. This is conducted with architypal aesthetic values, all of which is approached within the accepted cognitive and grammatical-lexical perspective.

0. INTRODUCCIÓN

Na sincronía actual do galego, o verbo *ir* funciona dentro dun grupo moi numeroso de estruturas semántico-sintácticas que, as máis das veces, se traducen en acepcións diferentes nos dicionarios. Imos analizar de seguido algunhas destas construcións, documentadas na fala de distintos puntos de Galicia¹, dende unha perspectiva léxico-gramatical (Langacker 1991, Lyons 1993: 135)² e cognitiva

¹ Os exemplos, que proceden da fala de diversos puntos de Galicia, están tirados dunha base de datos de estruturas intransitivas que arestora consta de oito mil fichas. Indícase con cada exemplo o lugar do que é natural o informante. Na bibliografía sinalamos as fontes de onde foron tirados para a base de datos os exemplos aquí utilizados, boa parte deles pódense escoitar noutros puntos de Galicia amais dos aquí mencionados.

² Langacker considera que non se pode disociar o léxico da gramática, do mesmo xeito que non se pode separar a estrutura sintáctica da estrutura semántica. Lyons afirma que o significado oracional é resultado do significado léxico e gra-

no que atangue á consideración da construción como elemento primario e central da descrición sintáctica (Goldberg 1995, Kay 1997: 123 e ss.)³

1. Un primeiro grupo de estruturas co verbo *ir* está constituído por aquelas construcións que presentan o carácter semántico de movemento físico.

1.1. O movemento sinalado por *ir* pode consistir nun desprazamento direccional⁴.

- (1) *ibamos ó muíño.* (Coristanco-A Coruña)
- (2) *o carneiro non ía pró casa.* (Mazaricos-A Coruña)
- (3) *fun dunha vez ó San Ramón a Bustelos.* (Aciveiro-Forcarei-Pontevedra)
- (4) *o cura foi ó muíño.* (Viveiro-Lugo)
- (5) *de vez en cando tamén vou alí.* (Ourense)
- (6) *polo fin de semana vou a Vedra.* (Vedra-A Coruña)
- (7) *agora non vai unha vaca pró monte.* (Aciveiro-Forcarei-Pontevedra)

O esquema sintáctico prototípico é *suxeito-predicado-complemento circunstancial*. O esquema

matricial, isto é, do significado dos lexemas constituíntes e das construcións gramaticais que relacionan sintagmaticamente eses lexemas.

³ Goldberg e Kay afirman que as construcións son o elemento básico e central da teoría lingüística, a partir das construcións é como se chega ás funcións sintácticas e semánticas que deixan de ser aprioris desta teoría.

⁴ Tesnière (1959) chámalles a estes verbos *verbos de movemento extrínseco*, por oposición ós verbos de *movemento intrínseco*. Lamiroy (1991) chámalles *verbos de dirección* dado que indican un desprazamento orientado a un punto determinado, por oposición ós *verbos de desprazamento* nos que o movemento non ten orientación concreta. Recentemente, Crego (2000) elabora para o español unha clasificación xenérica dos verbos de movemento servíndose de criterios léxicos e de causatividade, establecendo en liñas xerais dous grandes grupos: os de movemento causativo e os de movemento non causativo.

semántico é *axente-movemento-dirección*. O suxeito posúe como principais trazos semánticos os de [+axente], [+animado], [\pm humano] e ten o control⁵ da acción realizada como movemento (agás 2, 7 en que o control non depende unicamente do suxeito senón tamén dun causante [+humano]). O complemento adoita ser tanto unha frase preposicional introducida por *a* e *para* coma unha frase adverbial (5), e sinala a tendencia direccional do movemento mais o límite final ou punto de destino do mesmo. Á parte do que estamos dicindo, o complemento presenta como principais trazos sintácticos a obrigatoriedade e a posposición ó predicado. Non é inusual a anteposición da frase preposicional (*pero elas así coma agora á taberna non íban* (Silleda-Pontevedra)), pero si que resulta agramatical a anteposición da frase adverbial en contextos destas características (**de vez en cando alí vou*) a non ser que se introduza outra partícula (*de vez en cando alí tamén vou*).

Os valores aspectuais máis frecuentes son os de dinámico e télico, ocasionalmente poden aparecer outros valores como durativo (2), habitual (6), intermitente⁶ (5). A voz predominante é a activa e a construción admite a presenza de *se* con diferentes valores, agás o último exemplo (**non se vai unha vaca pró monte*) por ser o suxeito non definido.

1.2. O movemento pode significar un desprazamento realizado a través dun medio ou efectuado dunha determinada maneira:

(8) *antes íbase no cabalo*. (Ourense)

(9) *Conchita vai en coche*. (Brión-A Coruña)

(10) *iba nor zoques, nor zoquiños*. (Aciveiro-Forcarei-Pontevedra)

⁵ Noción tirada de Comrie (1989: 59 e ss.), para quen o control é, *grosso modo*, o dominio que un axente manifesta sobre o evento ou a situación descritos polo verbo co que se relacionan. Este autor distingue entre *control total* («caer no chan» deliberadamente), *control potencial* (caer por descoido), *non control* (caer por causa dun empurrón).

⁶ Valores aspectuais utilizados entre outros por Pottier (1993), Dik (1997) e De Miguel (1999). Coa denominación de télico faise referencia a aquel evento, situación ou acción que presenta un límite inherente ó que se debe chegar para poder dicir que tal evento, situación ou acción se deu (*vou a Vigo*). Pola contra, un evento, situación ou acción atélica significa que non existe un límite inherente ó que se deba chegar para o seu cumprimento e polo tanto pódese prolongar indefinidamente (*ando polo camiño*).

Para as construcións de (8) e (9) o esquema sintáctico é *suxeito-predicado-complemento prepositivo* e o esquema semántico é *axente-movemento-medio*. Nestas estruturas, o complemento é unha frase preposicional introducida por *en*, ás veces unha frase adverbial (*antes íase dacabalo*), e ten como principais valores semánticos [\pm animado], [+instrumento ou medio]⁷. Igual ca no apartado anterior, ten presenza obrigatoria e vai xeralmente situado despois do predicado. Os principais valores aspectuais que se reflicten son dinámico, durativo e habitual, coa existencia ou non dun límite implícito que marque o punto final do movemento.

En (10) temos unha construción parcialmente diferente que responde ó esquema semántico *caracterizado-caracterización-caracterizador*. O complemento é tamén unha frase preposicional introducida por *en*. A diferenza de (8) e (9) o valor de modo, que tamén se reflicte nestas nun segundo plano, pasa en (10) ó primeiro plano por se referir a un obxecto menos externo ó individuo e non alusivo a un medio de desprazamento, neste caso transporte.

Preto das anteriores está a construción de (11):

(11) *ese día tamén vou nas barcas*. (Cerdedo-Pontevedra)

Se ben a estrutura sintáctica coincide coa que acabamos de establecer arriba, agora o contido de movemento expresado polo predicado perde o trazo de desprazamento horizontal e direccional que vimos nas construcións precedentes e a acción carece dun límite espacial.

1.3. O movemento pode ser de carácter xenérico e indeterminado, sen ningunha especificación que o concrete, complemente nin modifique explicitamente.

(12) *Se vai, vai e se non vai queda*. (Noia-A Coruña)

⁷ Estas diversas nocións semánticas pódense ver tamén en Dik (1997: 105 e ss.), Halliday (1994: 109 e ss.), Van Valin/Lapolla (1997: 140 e ss.), Vilela (1999). Van Valin/Lapolla establecen ademais dous macropapeis semánticos: *actor* (actor) e *undergoer* (sufridor, paciente). O primeiro pode facer referencia ós trazos ou papeis semánticos de axente, experimentante, causa, etc.; o segundo alude a paciente, experimentante, meta, destino, etc.

(13) *tropesan en calquera porque non ven cando van.* (Noia-A Coruña)

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado* e o esquema semántico *axente-movemento*. A acción téndese a situar no plano real e actual, por iso o modo mailo tempo empregados adoitan ser indicativo e presente respectivamente. Os principais valores aspectuais son os de dinamismo e atelicidade. O suxeito é [+humano] e o complemento pode non aparecer ou estar implícito ás veces no contexto sinalando un punto límite ó que tende o movemento, como se pode deducir do seguinte exemplo:

(14) *eu á verdá non contaba con que ela fose.* (Pontedeume-A Coruña)

Próxima a estas estruturas aparece estoutra de (15), frecuente na modalidade interrogativa, que mostra un suxeito [-animado], con ausencia de complementos e sen movemento físico nin límite na acción:

(15) *¿o choio vai ou non vai?* (Forcarei-Pontevedra)

Nalgúns casos, emprégase precedendo o verbo un argumento non obrigatorio, referido ó suxeito, baixo a forma de clítico acusativo, no que o emisor centra a súa atención poñendo de relevo a persoa que protagoniza o evento dinámico.

(16) *Mira, aí o vai.* (Cotobade-Pontevedra)

(17) *Velá a vai, xusto á hora que che dixen.* (Forcarei-Pontevedra)

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-complemento circunstancial* e o esquema semántico *axente-movemento-locación espacial*. Esta construción non admite a presenza de *se* nin a negación. Como o feito é real utilízase o indicativo. A acción presenta os valores aspectuais dinámico, atélico, imperfectivo e progresivo. A persoa é a terceira de singular ou plural, por se referir claramente a unha entidade fóra do falante e do oínte. A énfase que pon o emisor e a chamada de atención que lle fai ó receptor dá lugar a unha estrutura marcada que repercute na orde dos argumentos.

1.4. O movemento pode manifestar un desprazamento no que o suxeito ocupa un determinado lugar ou acompaña a alguén.

(18) *levan unhas cuantas bestas, aquelas van diante, hacia ó pueblo e as outras van dos lados.* (Cerdedo-Pontevedra)

(19) *aquela vez foi con nós, pero non volveu máis.* (Forcarei-Pontevedra)

O esquema sintáctico de (18) é *suxeito-predicado-complemento circunstancial* e o esquema semántico *axente-movemento-posicionamento*. A estrutura ten un valor aspectual dinámico, durativo e sen límite (polo que se refire ó evento en si de camiñar ocupando un determinado lugar) ou con límite marcado polo segundo complemento *hacia o pueblo*. O suxeito deste tipo de construcións pode ser [+humano] e pode ter ou non o control da acción. A función de complemento está desempeñada por unha frase adverbial ou preposicional que se caracteriza polos trazos semánticos [+locativo], [+dirección], ó responder ás preguntas ¿en que lugar van?, ¿a onde van?

A construción de (19) mostra unha estrutura que tamén admite un suxeito [+humano]; pero, a diferenza da anterior, presenta un *complemento prepositivo* no seu esquema sintáctico, introducido pola preposición *con*, que ten a función semántica de *comitativo* indicando copresencia.

1.5. O movemento sinalado por ir mostra o desprazamento do suxeito para realizar un determinado traballo ou procurar algunha cousa:

(20) *o crego e maila criada foron ós garabullíños* (Tordoia-A Coruña)

(21) *irei ó toxo á tarde tamén.* (Soutelo-Forcarei-Pontevedra)

(22) *atnda saliches o domingo pasado ou non fuche á follateira.* (Luínta-Ourense)

(23) *non estiven porque fun á madeira.* (O Corgo-Lugo)

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-complemento prepositivo* e o esquema semántico *axente-movemento-obxectivo*. O suxeito adoita ter como trazos semánticos máis característicos os de [+humano] e [+control]. O complemento é unha frase preposicional introducida polas preposicións *a, para*. O complemento é [-animado], obrigatorio e xeralmente está posposto ó predicado expresando ben sexa a causa mailo fin último do movemento ben sexa a actividade indicada a través dun nome común que constitúe o obxectivo da mesma. A construción adoita ter un valor aspectual dinámico.

mico, atético e durativo e admite a presenza de *se* indeterminador do suxeito:

(24) *ó outro día con medo e todo xa se foi ó mare.* (Sada-A Coruña)

(25) *ese día vaise ós cardos e ós xanxoás.* (Aciveiro-Forcaei-Pontevedra)

Próxima a estas, aparece ás veces a construción con suxeito [-animado] e a miúdo posposto ó predicado, mais agora o suxeito non ten o control da acción, que depende dun causante [+humano], responsable neste caso do traballo realizado pola máquina.

(26) *non fai falta porque xa van os tratores ár viñas.* (Sober-Lugo)

1.5.1 O movemento de ir ten como obxectivo subtraer algo a alguén ou dalgún sitio, ás veces está próximo no contido a *roubar, levar*.

(27) *tiña un sacristán que lle iba á caixa das ánimas e iballe tamén ó viño.* (Feás-Ourense)

(28) *entráronlle na casa e fóronlle ós cartos.* (Forcaei-Pontevedra)

(29) *pa que o gato non vaia ó leite.* (Sober-Lugo)

(30) *vámoslle ós figos ó cura* (Santiago-A Coruña)

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-complemento prepositivo* e o esquema semántico é *axente-acción-obxectivo*. O suxeito caracterízase polos trazos semánticos [+axente], [+animado] e [+control]; xeralmente é un pronome ou un nome concreto (propio ou común). O complemento é obrigatorio, aparece baixo a forma dunha frase preposicional introducida por *a* que semanticamente funciona como término ou obxectivo da acción sinalada. O complemento vai inmediatamente posposto ó predicado ou separado del por algún elemento –frecuentemente un dativo *lle*– en función de complemento indirecto que actúa semanticamente como prexudicado pola acción que se indica. A construción admite a presenza de *se* (*fóiselle ós cartos*). Os valores aspectuais implican dinamismo, perfectividade (29), hábito e reiteración (28); o límite da acción vén dado pola realización e consecución do obxectivo.

1.5.2. En ocasións, a presenza dun infinitivo marca máis claramente a finalidade do movemento do suxeito axente:

(31) *ahora van pá taberna toma-lo café con leite.* (Soutelo-Forcaei-Pontevedra)

(32) *fume pa Lugo facer os exames de ingreso.* (Pol-Lugo)

(33) *vou a Belén ver o neno* (Taboada-Lugo)

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-complemento circunstancial* e o esquema semántico *axente-movemento-dirección*, con presenza dunha función semántica *finalidade* introducida polo infinitivo. O suxeito é [+animado] e neste caso ten o control da acción. O complemento é unha frase preposicional introducida por *a* ou *para* que sinala a dirección e o lugar ou punto de destino do desprazamento do suxeito. O complemento adoitado ir posposto ó predicado e non ten carácter obrigatorio neste contexto, podéndose eliminar de mantermos a cláusula de infinitivo; se suprimimos o complemento a estrutura sitúase nos límites da construción perifrástica con valor de intencionalidade (*ir toma-lo café*).

A construción admite a presenza de clíticos reforzando a idea da marcha e da partida do suxeito. Non se admite, en cambio, a presenza de negación diante do infinitivo, anque si se pode utilizar diante do verbo de movemento: *non me fun para Lugo facer os exames* / **funme para Lugo non facer os exames* / **fun non facer os exames*. Os principais valores aspectuais son os de dinamicidade (ingresiva en (31)) e limitación espacial.

1.6. O movemento indicado por ir expresa un significado próximo a buscar e procurar algo ou alguén.

(34) *esperade aquí, que vou polo coche.* (Santiago-A Coruña)

(35) *foran todos detrás del, pero non o atoparon* (Triacastela-Lugo)

(36) *E foi por un carneiro* (Verín-Ourense)

Trátase dunha estrutura de esquema sintáctico *suxeito-predicado-complemento prepositivo* e de esquema semántico *axente-movemento-obxectivo*. O suxeito pode aparecer anteposto e posposto ó predicado. O complemento é unha frase preposicional que se constitúe no obxectivo e causa última do movemento. Aparece co trazo semántico [\pm ani-

mado]; presentándose como [-animado] rexistrou-se en construcións coma (34) en que o suxeito se despraza para traer algo da súa posesión, fronte a outras coma (35) en que está máis presente a idea de perseguir e buscar con certa ansia algo ou alguén que fuxiu, que se perdeu, ou que non se posúe como ocorre no seguinte exemplo: *foron todos detrás da medalla de ouro*. Os valores aspectuais máis comúns son os de dinámico, atético, imperfectivo e durativo, e a construción admite a presenza de *se* (*fóronse todos detrás del*).

1.7. O movemento designado por ir pode significar a saída, o abandono dun determinado lugar, entrando en relación paradigmática con verbos como *marchar*.

(37) *tanto andas voume, voume, xa te puidiches ter ido*. (Ouro-Lugo)

(38) *non, vaite que hoxe non damos limosna*. (Sada-A Coruña)

(39) *¡ala, que nos imos!* (Forcarei-Pontevedra)

O esquema sintáctico desta construción é *suxeito-predicado* e o esquema semántico *axente-movemento*. O suxeito está implícito e ten como trazos semánticos máis característicos os de [+axente], [+animado] e [+control]. Os principais valores aspectuais son dinámico ingresivo e atético. A presenza do clítico fai innecesaria a existencia dun complemento, se este aparece adoita desempeñar a funcións semánticas de orixe, cun valor redundante engadido (*vaite de aí, orellas de burro vello*. Ourense), e destino (*vaite para a casa*) acoutando o movemento ata un límite; no primeiro caso o clítico é de presenza obrigatoria e acentúa o valor aspectual ingresivo da construción (**vai de aquí / vai para a casa*).

2. Un segundo grupo de construcións con ir está formado por aquelas que indican a asistencia do suxeito a un determinado lugar ou acontecemento, equivalendo a verbos como *asistir*.

(40) *fóronme á miña voda máis de cincuenta mozos e mozas*. (Soutelo-Forcarei-Pontevedra)

(41) *van a un curso de primeiros auxilios*. (Santiago-A Coruña)

(42) *pois vaise or domingos á misa normalmente*. (Soutelo-Forcarei-Pontevedra)

(43) *meus primos foron todos á escola aquí*. (Pontedeume-A Coruña)

(44) *Como é así unha festa, así salvaje, van os forasteiros tamén*. (Cerdedo-Pontevedra)

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-complemento prepositivo* e o esquema semántico *axente-acción-localización*. O suxeito ten xeralmente os trazos semánticos [+axente], [+humano], [+control]. O complemento pode ir anteposto ou posposto ó predicado e está representado por unha frase preposicional a miúdo introducida por *a*. Aínda que a presenza do complemento se pode escusar nalgúns exemplos, dicimos que tende á obrigatoriedade por quedar implícito no contexto (*fóronme... máis de cincuenta mozos e mozas*). O complemento é [-animado] e sinala a localización puntual da acción desenvolvida polo suxeito. Os valores aspectuais máis característicos aquí son os de estativo, durativo, habitual (42) e sen límite na realización da acción.

3. Un terceiro grupo de construcións con ir está integrado por aquelas estruturas que presentan o significado de exercer un oficio ou desempeñar unha profesión.

(45) *non quería que fose de canteiro*. (Aciveiro-Forcarei-Pontevedra)

(46) *o oficio de zapateiro non me daba e fume de canteiro*. (Aciveiro-Forcarei-Pontevedra)

(47) *ese mirmo dente rompino ós trece anos, cando fun pá música*. (Valga-Pontevedra)

(48) *ós trece anos xa fun de peón da-lo barro a Lugo*. (Aciveiro-Forcarei-Pontevedra)

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-complemento prepositivo*. O esquema semántico é *axente-acción-término*. O suxeito adoita estar implícito e ten os trazos semánticos [+humano], [+control] e precede o predicado na estrutura non marcada. O complemento é obrigatorio, vai posposto ó predicado e caracteriza o suxeito a través dun tipo de actividade. A construción admite a presenza de *se* e os principais valores aspectuais son dinámico, durativo e atético.

4. Un cuarto grupo está constituído por aquelas estruturas en que ir entra en relación paradigmática con verbos como *enviar a, mandar a*.

(49) *a denuncia vai no xulgado*. (Santiago-A Coruña)

(50) *o contrato foi a Madrid*. (Pontedeume-A Coruña)

(51) *ei che vai o desafío, nena do pano marelo* (Santiago-A Coruña)

O esquema sintáctico que presentan estas construcións é *suxeito-predicado-complemento circunstancial* e o esquema semántico *obxecto afectado-acción-destino*. O suxeito ten como trazos semánticos máis relevantes os de [-animado], [-control], [+afectado] e reflíctese na construción o valor de causatividade ó non ser o suxeito o realizador da acción. O complemento é aquí obrigatorio e adoita estar representado por unha frase preposicional introducida por *a*, *en* e por un adverbio, que sinalan un lugar como límite ou destino da tendencia direccional sinalada polo predicado. A frase preposicional introducida por *en* non admite o pretérito co contido que estamos a ver neste apartado (**a denuncia foi no xulgado*) nin a forma *se* (**a denuncia vaise no xulgado*), sendo o presente neste contexto o tempo non marcado (*a denuncia vai no xulgado / a denuncia vai ó xulgado*). O complemento é tamén o encargado de lle poñer límite á acción significada polo predicado.

5. Un novo grupo está composto polas construcións en que ir equivale a verbos coma *funcionar*, *servir*, *valer*.

(52) *o motor xa non vai, agora cansou*. (Forcarei-Pontevedra)

(53) *algún panadeiro bóttalle levadura de máis por culpa de que apura máis a fornada e eso xa non vai*. (Forcarei-Pontevedra)

(54) *¿Que, vai ou non vai?* (Aciveiro-Forcarei-Pontevedra)

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado* e o esquema semántico *obxecto afectado-acción*. O suxeito ten os trazos semánticos de [-animado], [+afectado], [-control]. Na modalidade interrogativa ás veces aparece un *el* invariable (Álvarez, R. *et alii* 1986: 169): *¿el vai ou non vai?* A construción non esixe a presenza de ningún argumento en función de complemento nin admite a presenza de *se*. O valor aspectual que presenta é estativo e atélico.

6. Un verbo ir co significado de *pasar de grao*, *estudiar* témolo en estruturas coma as seguintes:

(55) *cando fun para sexto xa non me gustaba tanto estudar*. (Vedra-A Coruña)

(56) *todos decían que iba para médico*. (Vedra-A Coruña)

O esquema sintáctico que presentan é *suxeito-predicado-complemento prepositivo* e o esquema semántico *axente-movemento nocional-término* (55) e *axente-proceso-término* (56). O suxeito ten como principais trazos semánticos [+humano] e [+control]. O complemento ten carácter obrigatorio e está representado por unha frase preposicional introducida por *para*, que indica o punto final do movemento nocional e do proceso significados polo predicado e dálle o valor aspectual télico –e mais progresivo en (56)– ás oracións. A construción non se atopa con valor pronominal.

7. Un verbo ir que mostra o contido de *ter inclinación por algo*, *gustar*, pódese ver nas seguintes construcións:

(57) *decían que ó médico lle iban as mulleres*. (Forcarei-Pontevedra)

(58) *vaille bastante o alcohol a Manuel*. (Lalín-Pontevedra)

Aparece un esquema sintáctico *suxeito-predicado-complemento indirecto* cun esquema semántico *obxecto da afección-afección-portador da afección*. O suxeito está explícito, é definido, está representado por unha frase nominal e adoita ir posposto ó predicado. Os seus principais trazos semánticos son [+animado], [-control]. O complemento é unha frase preposicional introducida por *a*, que precede o predicado, e mais un pronome dativo que reflicte a función sintáctica de complemento indirecto. O complemento ten carácter obrigatorio e posúe como principais trazos semánticos os de [+animado] e [+control]. Entre os valores aspectuais implicados nesta estrutura están os de atélico, durativo e habitual.

8. Outro grupo de construcións con ir é o formado por aquelas estruturas en que se expresa o valor ou custo de algo.

(59) *o quilo vai a dúas mil, non é coma o pulpo que o quilo vai a quinientas*. (Cangas-Pontevedra)

(60) *¡O grande, eh! Que ten ido hasta catrocentas e pico*. (Cangas-Pontevedra)

Nelas ir está próximo a verbos como *valer*, *custar*, que aparecen en estruturas transitivas de complemento directo, e como *estar* seguido de complemento con valor de prezo. O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-complemento circunstancial* e o

esquema semántico *caracterizado-estado-caracterizador*. O suxeito adoita ser definido e presentar como unidade unha frase nominal, neste caso en singular (non é posible **os quilos de peixe van a dúas mil*), do tipo de *o quilo, o prezo*, anque non son infrecuentes exemplos coma *os coches tamén non van moi baratos*. Os trazos semánticos máis relevantes do suxeito son [-animado] e [-control]. O complemento é obrigatorio e aparece baixo a forma de frase preposicional constituída por *a+numeral*, sinalando distribución proporcional dunha cantidade. O valor aspectual neste caso é estativo e atélico.

Nas mesmas construcións, ir tamén pode equivaler a *chegar, subir* aparecendo como complemento unha frase preposicional introducida por *a* ou *ata*, que sinala o límite final dun desprazamento de carácter nocional. A estrutura sintáctica é de tipo causativo (*o quilo de polbo vai a dúas mil pesetas*—>*os vendedores subiron o quilo de polbo a dúas mil pesetas*). O esquema semántico presenta as funcións *afectado-proceso-término* con valor aspectual dinámico, progresivo e télico. Fronte á estrutura precedente, agora a construción admite a presenza de *se*: *o quilo vai ata quíntas pesetas* —> *o quilo vaíse ata (as) quíntas pesetas*.

9. Un verbo ir equivalente a formas como *encontrarse, estar*—seguido de complemento locativo—, pódese ver en exemplos coma os seguintes:

(61) *a mellor fermosura é a que vai por dentro*. (Ribeira-Pontevedra)

(62) *¿onde vai o respecto de antes?* (Lugo)

(63) *anque ría moito, a profesión vai por dentro*. (Ribeira-Pontevedra)

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-complemento circunstancial* e o esquema semántico *situado-situación-locación espacial*. O suxeito é definido e ten como trazos semánticos neste caso [-concreto], [-animado], [-control]; pode preceder ou seguir o predicado. O complemento adoita ser unha frase preposicional ou adverbial de carácter obrigatorio e posposta ó predicado na orde non marcada; *funciona semanticamente como locativo*. Os valores aspectuais que presentan estas construcións son os de estativo, atélico e durativo. A estrutura non admite con este contido a presenza de *se*.

10. Un verbo ir que presenta o significado de *ser característico de* témolo nas construcións seguintes:

(64) *non creo que lle inflúa moito, eso máis ben vai en cada persona*. (Ourense)

(65) *chegar tarde é algo que vai moito con el*. (Cotobade-Pontevedra)

(66) *sempre foi moi formal e vai na súa maneira de ser*. (Forcarei-Pontevedra)

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-complemento prepositivo* e o esquema semántico *caracterizador-caracterización-caracterizado*. O suxeito ten como principais trazos semánticos [-animado], [-control], [-concreto], e pode estar representado por un pronome, referido ás veces a algún tipo de entidade abstracta (formas, actitudes, comportamentos...) que xa se presentou no contexto e que caracteriza unha entidade animada á que alude o complemento. O complemento adoita ser unha frase preposicional de presenza obrigatoria, introducida polas preposicións *en, con* mais un término que pode ser un nome [+animado], [+concreto] caracterizado polo suxeito. Cando o término é un nome [+humano] e definido prefírese utilizar *con* fronte a *en* (*eso vai moito con el; eso vai moito con Manolo* / **eso vai moito nel; *eso vai moito en Manolo*). Os principais valores aspectuais que poden aparecer nesta estrutura son: estativo, atélico, durativo, habitual (65) ou permanente (64, 66). Non se admite a presenza de *se* na construción: **eso vaíse moito na súa maneira de ser*.

11. Un novo grupo de estruturas con ir está integrado por aquelas que indican dirección e extensión espacial ou temporal entre dous puntos. Nos casos de extensión espacial, ir está en relación paradigmática con verbos como *levar, conducir*. Baixo o carácter semántico de extensión e dimensión temporal relaciónase con verbos como *transcorrer*.

(67) *taban os guindiyas esperándonos al son dun zarro no camín que vai para Nunide*. (Oscos-Asturias)

(68) *disque fora o que fixera a carreteira que vai ó muelle*. (Goián-Pontevedra)

(69) *e nos meses que van de maio a agosto non fai mal o sol*. (Vilagarcía-Pontevedra)

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-complemento circunstancial* e o esquema semántico é *entidade-movemento nocional-dirección* e *entidade-movemento nocional-locación temporal* (69). O suxeito está explícito e a unidade que funciona como tal

nestes exemplos é o pronome relativo *que* precedendo inmediatamente o predicado. Os seus principais trazos semánticos son [-axente], [-animado], [-control]. O complemento ten carácter obrigatorio e vai posposto ó predicado na orde non marcada. O complemento que designa dirección e extensión espacial é unha frase preposicional introducida por *a* e *para*. Ámbalas dúas sinalan un punto físico como límite dun espazo e tamén poden presentar algunhas diferencias en canto á maior ou menor concreción dese punto límite, isto é, *a estrada que vai ó peirao* conduce ata o propio peirao e pode rematar aí, pero *a estrada que vai para o peirao* vai con dirección ó peirao, mais non ten por qué rematar aí nin pasar necesariamente polo mesmo peirao senón que pode pasar polas proximidades. O complemento con valor temporal é unha frase preposicional introducida por *de*, *entre* (menos frecuente) que acouta un espazo determinado de tempo situado entre dous puntos dados.

A estrutura non se presenta baixo a forma dunha construción pronominal. O verbo adoita aparecer na terceira persoa de singular ou plural e entre os valores aspectuais que se poden ver implicados destacamos os de estatividade, permanencia e limitación espacial ou temporal.

12. Un verbo *ir* co significado de *perder o control*, *escorarse*, aparece en construcións como as que exemplificamos de seguido:

(70) *ó salir da curva fôiselle o coche.* (Sada-A Coruña)

(71) *ibaselle a cabeza e a pouco máis cae sen non a agarro.* (Forcarei-Pontevedra)

(72) *ibase un pouco a lancha.* (Sada-A Coruña)

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado* e o esquema semántico *obxecto afectado-acción*. O suxeito adoita ser unha unidade definida (substantivo con determinante, pronome). Cando o suxeito é unha frase nominal atópase en moitos casos posposto ó predicado, non ocorre o mesmo cun nome propio ou pronome (*íaselle ela e a pouco máis cae*). O suxeito caracterízase semanticamente por ser [-animado], [-control], [+afectado]. Ás veces, aparece na estrutura unha función semántica *prexudicado* baixo a forma sintáctica de complemento indirecto, que nalgúns casos é tamén o causante involuntario –non intencionalidade– da acción e mais o posuidor da entidade afectada.

Estas estruturas adoitan empregarse na fala en terceira persoa e con *se*, que favorece a posposición do suxeito e condiciona o carácter semántico do predicado. Os principais valores aspectuais reflectidos son os de dinamismo, progresión e atelicidade.

13. Un verbo *ir* que expresa a idea de poñer en relación dúas cousas, cun significado próximo a verbos coma *combinar*, *cadrar* atópase nos seguintes casos:

(73) *a blusa non vai con esa saia.* (Aciveiro-Forcarei-Pontevedra)

(74) *o negro vai con todo.* (Santiago-A Coruña)

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-complemento prepositivo* e o esquema semántico *entidade designada-situación-término referente*. O suxeito tende a ser definido e posúe os trazos semánticos xerais de [-axente], [-animado], [-control]. O complemento é obrigatorio e funciona como tal unha frase preposicional introducida por *con*, que indica o término referente do proceso de relación establecido entre dous elementos (*X con Z*). Estas construcións mostran unha relación simétrica entre designado e referente, podendo trocar as súas respectivas unidades sintácticas o seu correspondente lugar na estrutura sen que por iso varie o esquema, anque si o fai o tipo de información transmitida: *a blusa vai coa saia / a saia vai coa blusa*. Fronte ás construcións de (73, 74) en que só a entidade designada se somete a contraste, documéntanse tamén algunhas estruturas que presentan os dous elementos relacionados simultaneamente dentro dunha estrutura coordinada que funciona como suxeito dun predicado monovalente: *o negro e o branco van*.

Estas construcións non admiten a presenza de *se* e os principais valores aspectuais son estativo, atético, permanente. É usual a presenza dalgún complemento modal, posposto inmediatamente ó predicado, en forma de frase adverbial do tipo de *ben, moi ben, mal, moi mal, máis ou menos*, etc.

14. Outro grupo de construcións con *ir* está composto por aquelas estruturas que designan a participación común nunha idea, proxecto, xogo, etc. Agora o verbo presenta significados próximos a *coincidir*, *participar*, *asociar*, *xuntar*, segundo os casos.

(75) *estaba en Televisión, el iba conmigo neste tema e tal.* (Santiago-A Coruña)

(76) *foi co cuñado na empresa hasta que se desfixo.* (Verín-Ourense)

(77) *xogando ó tute gustábame moito ir co papá porque ganabamos sempre.* (Forcarei-Pontevedra)

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-complemento prepositivo* e o esquema semántico é *participante-participación-comitativo*. O suxeito adoita ser un nome definido, cos trazos semánticos [+axente], [+humano], [+control]. Cando o suxeito é [-animado], o complemento pode ser [+afectado] dado que se fai referencia a algo que concerne a alguén: *iso non vai comigo; isto vai con tódolos presentes*. O complemento é unha frase preposicional de presenza obrigatoria, introducida frecuentemente por *con*, que sinala o término de compañía e participación do suxeito. A diferenza doutros complementos vistos, que son de carácter non animado, agora o complemento ten o trazo [+humano] e pode tamén exercer o control da acción expresada a xeito de participación recíproca en algo. A construción non admite a presenza de *se* e os valores aspectuais son: atético, durativo, habitual (77).

15. Un verbo *ir* que indica o remate ou acabamento de algo, equivalente a verbos como *gastar, esgotarse, consumirse*, rexístrase nos seguintes exemplos:

(78) *os cartos vanse de contado se non tino deles.* (Soutelo-Forcarei-Pontevedra)

(79) *a gasolina foise, e será porque fixestes quilómetros.* (Forcarei-Pontevedra)

(80) *o tempo vaise e non facemos nada.* (Cerdedo-Pontevedra)

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado* e o esquema semántico *afectado-proceso*. O suxeito ten os trazos semánticos [-axente], [-animado], [-control] e vese afectado polo proceso sinalado no predicado. En cláusula simple e con nomes que sinalan fenómenos naturais hai unha tendencia a inverter a orde normal das funcións, pospoñéndose o suxeito ó predicado: *foise o sol, vaise a néboa*. A construción non presenta ningún argumento á parte do suxeito e nela é obrigatoria a presenza de *se*. Poden aparecer complementos optativos de tipo adverbial antes ou despois do predicado (78). Os valores aspectuais son: dinámico, progresivo, atético. Dándolle a volta á estrutura chegamos a unha construción transitiva con presenza dun

axente controlador da acción: *alguén gasta os cartos de contado; alguén gastou a gasolina*.

16. *Ir* pode aparecer formando parte dalgúns construcións, frecuentes na lingua oral, nas que actúa como elemento introductor de información nova en relación co que se está contando e asemade como conector de algo que xa se vén comentando no contexto precedente.

(81) *e vai meu abuelo e colleuno nun brazado pa tirar con el ó mar.* (Castelo San Felipe-Ferrol)

(82) *vai un día chamou òn chaval e dícelle...* (Chandrexa-Ourense)

O verbo *ir* introduce aquí un sintagma nominal, de carácter definido ou non definido, que está referido a persoa ou alude a unha circunstancia temporal. É moi común que formalmente se presente en terceira persoa e sintagmaticamente se dispoña a carón doutro verbo, minguando parte do seu significado orixinario de movemento, e conformando entrambos os dous un complexo verbal coa presenza dun elemento de enlace conxuntivo (*vai e dille*), ou tamén se sitúa en correlación con outra forma verbal colocándose no medio o tipo de unidade que introduce: *vai un día e chamou...* Neste sentido, *ir* funcionaría como predicado perifrástico (Rivas 1994a) dunha determinada construción que podería ser transitiva e na que se acomodaría precedendo o suxeito na orde secuencial.

Aínda que se pode empregar tanto en presente coma en pretérito (*foi meu abuelo...*), é moi frecuente a súa utilización narrando feitos do pasado. Non se rexistra moito con *se* nin noutra voz que non sexa a activa. Tampouco se utiliza na modalidade interrogativa, anque si na exclamativa precedido de negación:

(83) *¡non vai meu pai e o bota da casa, home dende logo!* (Forcarei-Pontevedra).

CONCLUSIÓN

Descubrimos unha serie de construcións de carácter intransitivo, tiradas da lingua oral, nas que participa o verbo *ir* como eixe da predicación. Non mostramos todas as posibilidades que este verbo ofrece, pero si que pretendemos analizar algunhas das máis representativas. Comprobouse que segundo

os trazos semántico-sintácticos dos diversos argumentos seleccionados por unha estrutura dada, o verbo *ir* adquire contidos distintos e orixina esquemas semánticos e sintácticos variados. Os esquemas prototípicos son os que presentan as funcións sintácticas *suxeito-predicado-complemento prepositivo* e *suxeito-predicado-complemento circunstancial* coas funcións semánticas *axente-movemento-dirección*, *axente-movemento-obxectivo* mais tódalas súas potenciais variantes. Os valores aspectuais máis comúns son os de dinamicidade, ben sexa de carácter físico ou nocional, e telicidade ou atelicidade segundo a estrutura de que se trate. O *suxeito* adoita estar implícito e ser de tipo humano, controlando a acción. O *complemento* preséntase xeralmente como obrigatorio, conformado por unha frase preposicional e habitualmente situado despois do predicado na orde non marcada, podendo existir outros argumentos opcionais, preferentemente frases adxectivas e adverbiais que non modifican o esquema básico establecido.

BIBLIOGRAFÍA

1. CORPUS

- ALONSO, D. (1972): «Narraciones orales gallego-asturianas. San Martín de Oscos», *Obras completas. I. Estudios lingüísticos peninsulares*. Madrid: Gredos, 495-521.
- COUCEIRO, J.L. (1974): *El habla de Feás*, anexo 5 de *Verba*, Santiago de Compostela.
- DUBERTI, F. (1993): *Aproximación á fala da comarca compostelá: fonética, fonoloxía e morfosintaxe*. Tese de Licenciatura, Santiago de Compostela: Universidade.
- FERNÁNDEZ REI, F. /HERMIDA GULÍAS, C. (eds) (1996): *A nosa fala: bloques e áreas lingüísticas do galego*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- PONCELAS ABELLA, A. (1987): *Estorias e contos dos Ancares /Historias y cuentos de los Ancares (bilingüe)*, Ponferrada.
- RIOS PANISSE, M.C. (1974): «Vida mariñeira de Sada. Contribución pra un estudio lingüístico», *Verba* 1, 181-232.
- ROUX, Martine (1982): *Fala o fistor e fáise o día. Algúns aspectos da tradición oral galega na parroquia do Cebreiro*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- SANTAMARINA, A. (1975): «testos e noticia da fala de Negueira (Lugo)», *Verba* 2, 307-323.
- SOTO, X. (1995): *Estudio lingüístico do galego da Terra de Montes*, Tese de Licenciatura (inédita), Santiago de Compostela: Universidade.
- (1996-1998): *Gravacións* (20 horas), material inédito procedente de diferentes lugares das catro provincias de Galicia.
- TABOADA, M. (1979): *El habla del valle de Verín*. Anexo 15 de *Verba*. Santiago de Compostela.
- VÁZQUEZ-MONXARDÍN, A. (coord.) (1992): *A cultura popular de tradición oral nos centros da terceira idade. Unha experiencia de recollida en Centros de Ourense, Santiago, Tui e Viveiro*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

2. MANUAIS, ARTIGOS, COMUNICACIÓNS

- ÁLVAREZ, R.; REGUEIRA, X.L.; MONTEAGUDO, H. (1986): *Gramática galega*, Vigo: Galaxia.
- COMRIE, B. (1989²): *Language universals and linguistic typology. Syntax and morphology*, Oxford: Basil Blackwell.
- CREGO, M. V. (2000): *El complemento locativo en español. Los verbos de movimiento y su combinatoria sintáctico-semántica*, *Lalia* 12, Universidade de Santiago de Compostela.
- DE MIGUEL, E. (1999): «El aspecto léxico», *Gramática descriptiva de la lengua española*, T.2, Madrid: Espasa-Calpe, 2977-3060.
- DIK, S.C. (1997²): *The theory of functional grammar*, Berlín: Mouton de Gruyter.
- DROSTE, F. & JOSEPH, J. (eds.) (1991): *Linguistic theory and grammatical description*, Amsterdam: John Benjamins.
- GOLDBERG, A. E. (1995): *Constructions. A construction grammar approach to argument structure*, Chicago: Chicago University Press.
- HALLIDAY, M.A.K. (1994): *An introduction to Functional Grammar*, London: Arnold.
- KAY, P. (1997): *Words and the grammar of context*, Stanford, California: CSLI.
- LAMIROY, B. (1991): *Léxico y gramática del español. Estructuras verbales de espacio y tiempo*, Barcelona: Anthropos.
- LANGACKER, R. W. (1991): «Cognitive grammar», Droste & Joseph (eds.), 275-306.
- LYONS, J. (1993³): *Introducción al lenguaje y a la lingüística*, Barcelona: Teide.
- POTTIER, B. (1993): *Semántica general*, Madrid: Gredos.
- RIVAS, X. (1994a): «A perífrase *agarro e marcho* en galego», R. Lorenzo (ed.): *Actas do XIX congreso internacional de lingüística e filoloxía románicas (Santiago 1989)*, vol. 6, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 239-245.
- SOTO, X. (2000): «Unha posible base de datos para analizar a intransitividade no galego actual», X.L. Regueira & A. Veiga (eds.): *Da gramática ó dictiona-*

- rio. *Estudios de lingüística galega*, Santiago de Compostela: Universidade, 2001 (no prelo).
- TESNIÈRE, L. (1959): *Éléments de syntaxe structurale*, Klincksieck, París, 1969² [versión española *Elementos de sintaxis estructural*, Madrid: Gredos, 1994].
- VAN VALIN, R. & LAPOLLA, R. (1997): *Syntax: structure, meaning and function*, Cambridge: Cambridge University Press.
- VILELA, M. (1999²): *Gramática da lingua portuguesa*, Coimbra: Livraria Almedina.